

ASUNTO: ADXUDICACION OBRA RENOVACION ALUMEADO EXTERIOR (EXPTE:002-OBRPAS19)

ANTECEDENTES

1. Proxecto de "RENOVACIÓN DE INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS", redactado por ABANTE INGENIERÍA SLP (Enxeñeiro Industrial Alfonso Fernández Losada, colexiado 1103 ICOEI de Galicia), por un importe de execución de 98.000,50 €.
2. Documento RC de data 16.01.2019, por importe de 98.000,50 € contra a aplicación 165.63301, do vixente orzamento municipal.
3. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación por procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria con varios criterios de adxudicación, de data 18.01.2019.
4. Prego de condicións técnicas particulares de data 05.02.2019.
5. Aprobación do expediente de contratación por Decreto de alcaldía, do 20.02.2019.
6. Anuncio de licitación publicado na Plataforma de contratación do sector público o 22.02.2019, que sinala como prazo final de presentación de ofertas o 14.03.2019.
7. Rematado o prazo de presentación, a mesa de contratación reúnese o día 18.03.2019. Na Mesa dáse conta da presentación de 19 ofertas. Realizada a apertura, a Mesa acorda admitir a 18 dos 19 licitadores presentados (excluíndo a oferta da empresa INSTALACIONES RAUL E HIJOS S.L. por non adecuarse ó esixido no prego) e requirir a tres deles (VERTIA INGENIERIA S.L, SIMTEGAL S.L. e ILUMIA S.L.) para que xustifiquen as baixas presuntamente temerarias das súas ofertas.
8. Rematado o prazo de xustificación das baixas temerarias, a mesa de contratación reúnese o 25.03.2019 e procede a avaliación da documentación aportada, acordando excluír as ofertas presentadas polos licitadores VERTIA INGENIERIA S.L, e ILUMIA S.L. , por non ter presentado no prazo concedido xustificación adecuada da súa oferta, e ADMITIR a presentada por SIMTEGAL S.L. por ter xustificado suficientemente o baixo nivel de prezo da súa. Posteriormente procedeu á clasificación das ofertas resulta como mellor oferta a presentada por SIMTEGAL SL.
9. O día 27.03.2019 a Mesa require a SIMTEGAL SL. para que presente a documentación esixida pola cláusula 26 de prego en relación co artigo 159.4 da LCSP no prazo de 7 días hábiles.
10. SIMTEGAL SL. presenta correctamente a documentación requirida para a adxudicación das obras o día 05.04.2019 (NRE 2019/5116).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Polos feitos anteriormente expostos, concorren as circunstancias dispostas no artigo 150 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP) para a adxudicación do presente contrato.

A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda da LCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. De conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2016), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Neste caso faise necesario axilizar a aprobación do procedemento debido á urxencia da execución das obras para reverter a situación actual nas que as deficientes condicións do alumeado ocasionan continuas avarías, que nalgúns casos poden implicar problemas de seguridade.

Por canto antecede, e uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico **RESOLVO:**

1º.- AVOCAR a competencia con carácter singular para a adopción do presente acto.





2º.- ADXUDICAR a obra de “**RENOVACIÓN DE INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS**”, segundo o proxecto redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Alfonso Fernández Losada, colexiado 1103 ICOEI de Galicia, á empresa **SIMTEGAL SL** con CIF B15832819, e domicilio en C/ Valle Inclán nº 9 – 32004 Ourense, que se obriga ao cumprimento do contrato polo prezo total de **71.390,00 €** (IVE engadido), co compromiso de asumir a totalidade das melloras recollidas no Anexo A.12 do Proxecto, cun prazo de execución de **TRES MESES** dende a formalización da Acta de comprobación do reformulo, segundo a súa oferta e consonte ao disposto no prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto reitores do contrato.

3º.- FORMALIZAR o contrato en documento administrativo. Consonte o artigo 153 da LCSP a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos **QUINCE DÍAS HÁBILES** seguintes a aquel en que sexa recibida a presente notificación de adxudicación.

4º.- PUBLICAR a presente adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos.

5º.- NOTIFICAR os presentes acordos ao adxudicatario e ao resto de interesados no procedemento.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 03/05/2019
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 03/05/2019
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/05/2019 14:31:49

DECRETO: 2019000607
Fecha: 03/05/2019
Hora: 14:31
Persona 76561868C

